



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA, O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E AS SOCIEDADES DE GARANTÍA RECÍPROCA AFIGAL E SOGARPO POLO QUE SE REGULAMENTA A ACHEGA DO IGAPE Á DOTACION AO FONDO DE PROVISIÓNS TÉCNICAS PARA A PRESTACIÓN DE AVAIS AS PEMES GALEGAS.

En Santiago de Compostela, 27 de Xullo de 2016

REUNIDOS

Dunha banda o Conselleiro de Economía Emprego e Industria, **D. Francisco José Conde López**, en virtude das facultades que lle confiren os artigos 38, 43.3 e 44 da Lei 11/1988, do 20 de Outubro, de reforma da Lei 1/1983, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa presidencia, nomeado polo Decreto 229/2012, do 2 de decembro, polo que se nomean os titulares dos Departamentos da Xunta e segundo a vixente estrutura orgánica da Xunta de Galicia aprobada polo Decreto 116/2015, de 4 de outubro, e na súa calidade de Presidente do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), en virtude do disposto no artigo 7, apartado 2 do Decreto 317/1992, do 11 de decembro, polo que se aproba a regulamentación do IGAPE.

De outra parte,

D. José María Fonseca Moretón, en representación de Bodegas Terras Gauda, S.A., Presidente da entidade Sociedade de Garantía Recíproca da Pequena e Mediana Empresa de Pontevedra e Ourense, SGR (en adiante Sogarpo), con poderes suficientes para este acto segundo os poderes outorgados polo Consello de Administración do 23 de febreiro de 2016.

D. Antonio Couceiro Méndez, Presidente da entidade Afianzamentos de Galicia, SGR (en adiante, Afigal), con poderes suficientes para este acto, segundo os poderes outorgados polo Consello de Administración do 31 de maio de 2016.

As partes recoñécense plena capacidade legal de sinatura de convenios e manifestan que as súas facultades non sufriron modificación ó respecto e, en consecuencia,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Consellería de Economía, Emprego e Industria, segundo o Decreto 175/2015, de 3 de decembro é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións no ámbito da promoción e dinamización económica, entre outras, de acordo co establecido na Constitución Española e no Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril.

O Instituto Galego de Promoción Económica ten, entre as funcións recollidas no artigo 4 da súa lei de creación, Lei 5/1992, a de promover, fomentar e potenciar as actividades económicas, a prestación dos servizos as empresas, especialmente as pemes e, en xeral, apoiar e promover calquera tipo de actividades que contribúan á mellora do sistema produtivo de Galicia.

SEGUNDO.- As Sociedades de Garantía Recíproca (SGR) están reguladas pola Lei 1/1994, do 11 de marzo, sobre réxime xurídico das sociedades de garantía recíproca e teñen como finalidade facilitar o acceso ó crédito e mellorar as condicións financeiras das pequenas e medianas empresas (PeMEs), prestando tamén servizos de asistencia e asesoramento financeiro. A función de facilitar o acceso ó crédito cúmprese mediante a prestación de avais e outras garantías a favor das PeMEs que teñan a condición de socios da SGR.

En Galicia existen dúas SGR, AFIGAL e SOGARPO, que actúan nas provincias de A Coruña e Lugo a primeira, e Ourense e Pontevedra a segunda e veñen desempeñando dende a súa creación un



importante papel no tecido empresarial de Galicia, posibilitando o acceso ao crédito por parte das pequenas e medianas empresas galegas, mediante a prestación de avais ante entidades financeiras, e demostrando gran solvencia e capacidade técnica, aglutinando ata o momento a práctica totalidade das operacións de afianzamento por SGR que se fan ás pemes en Galicia, de todos os sectores de actividade. Estas Sgr teñen avalado historicamente aos seus socios por un importe de máis de preto de 1.800 millóns de euros.

TERCEIRO.- De acordo co previsto na Lei 1/1994, do 11 de marzo, sobre réxime xurídico das sociedades de garantía recíproca, as SGR deben contar cun Fondo de Provisións Técnicas (FPT) para reforzar a súa solvencia. Este FPT está formado principalmente polas dotacións que se realicen con cargo ós resultados do exercicio e polas “subvencións, doazóns ou outras achegas non reintegrables que efectúen as Administracións públicas...” (artigo 9.c).

A finalidade do FPT consiste en cubrir a eventualidade de non conseguir o recobro dos pagos realizados en nome das PeMEs avaladas (riscos falidos), así como a eventualidade de ter que responder ante as entidades financeiras polos riscos avalados que estean en situación de dúbidosos ou de seguimento especial (riscos que poden converterse posteriormente en falidos), de xeito que, unha vez acaecida a falencia, a SGR poda responder polos avais que resulten falidos.

CUARTO.- Durante os últimos anos, e como consecuencia da crise económica, as SGR galegas tiveron que responder ante as entidades financeiras por moitos dos avais e garantías concedidos ós seus socios, chegando a unha cifra de avais falidos de preto de 25 millóns de euros no ano 2015, fronte aos 2,6 millóns de euros nos anos previos a crise. Para atender a estes pagamentos as SGR tiveron que acudir á utilización do seu FPT, que nos últimos anos ten diminuído de xeito considerable, pasando dunha cunía de máis de 23 millóns de euros no ano 2010 a 11,1 millóns de euros no ano 2015.

Adicionalmente, esta situación dáse nun escenario onde o volume de negocio do ano 2015 foi de 2,2 millóns de euros fronte a 3,4 millóns de euros nos anos previos á crise (2006/2007) e onde o risco vivo é de 254 millóns fronte aos 345 millóns deses anos..

Durante os exercicios 2012 e 2013 (5º e 6º ano da crisis), en previsión dun posible agotamento do Fondo de Provisións Técnicas acumulado, as SGRs galegas elaboraron informes, test de stress e estudos coa finalidade de determinar as necesidades de recapitalización do Sistema SGR en Galicia.

Os máximos responsables dos seus socios protectores máis relevantes: Xunta de Galicia/IGAPE e ABANCA, determinaron a necesidade e conveniencia de proceder á recapitalización e fortalecemento dos recursos propios, coa finalidade non só de manter o sistema, senon de incrementar o papel das SGRs de cara a facilitar o acceso ao financiamento a máis pequenas e medianas empresas. Neste senso, estimáronse as necesidades de recursos en 18 millóns de euros para o período 2014-2016, que serían aportados, nun tercio pola Xunta de Galicia/IGAPE, un tercio por ABANCA e o resto polos demais socios protectores e entidades financieras que habitualmente traballan coas SGRs.

Ate o momento, a situación do plan de reforzo dos recursos propios, presenta a seguinte situación:

	FPT	CAPITAL	TOTAL
Igape/Xunta Galicia	2.000.000	0	2.000.000
Abanca	0	2.000.000	2.000.000
ee.ff.		1.739.000	1.739.000
	2.000.000	3.739.000	5.739.000

- Tendo en conta, por tanto, a evolución do plan, e os retos plantexados de incrementar o volume de negocio en torno ao 30% de promedio durante os próximos anos, e recuperar os niveis previos á crise no volume de risco.



- Tendo en conta que o fortalecemento vía aportación directa ao Fondo de Provisións Técnicas difícilmente poder ser realizado polos outros socios protectores,
- Tendo en conta, as medidas adoptadas polas SGRs tanto no ámbito dos axustes orzamentarios coma no cumprimento das medidas de bon goberno corporativo corporativo introducidos por la Ley 5/2015 de Fomento de la Financiación Empresarial , así coma os compromisos adquiridos e as actuacións levadas a cabo por ámbas SGRs, na procura de novos recursos via ampliación de capital por parte das entidades financeiras, ,
- Tendo en conta que o estudo “O Sistema de Garantía Recíproca e a sua contribución á actividade empresarial” elaborado pola Escuela de Finanzas Aplicadas - AFI, para a Confederación Española de Sociedades de Garantía Recíproca (CESGAR), conclue que as aportacións públicas ó Sistema de Garantía Recíproca, teñen un efecto multiplicador de ata 12,5 (e decir, por cada 100 € aportados ó sistema xeráranse ata 1.250 € de financiamento á pemes).

En conclusión, en cumprimento do referido plan de fortalecemento dos recursos propios e coa sinatura do presente convenio , afiánzase o correcto funcionamento das SGR , facilítase a máis PeMEs galegas o acceso ao financiamento e xéranse importantes efectos na economía produtiva:

- Incremento do crédito ás PeMEs, cos efectos que isto produce no conxunto do sector empresarial, incrementando a produción da economía galega. Este incremento do PIB rexional deberá incidir progresivamente no descenso do número de desempregados, e conducir -indirectamente- a unha diminución do déficit público (menos prestacións por desemprego xunto con máis ingresos por imposición sobre a renda e sobre o consumo).
- Continuidade da actividade das PeMEs, co efecto inducido que isto ten no emprego e nas economías familiares, evitando suspensións de pagamentos e despedimentos.
- Incremento da actividade de ambas SGRs e do sector financeiro no seu conxunto, en Galicia

QUINTO.- A Xunta de Galicia e o IGAPE participan conxuntamente como socios protectores nas ditas sociedades de garantía dende a súa creación, ostentando, a data da presente memoria, o 27,4% do capital de socios protectores de Sogarpo e o 22,7% do capital de socios protectores de Afigal.

O IGAPE e as ditas sociedades de garantía recíproca acadaron unha moi boa experiencia nos convenios que veñen asinando dende o ano 2002, para a habilitación das liñas de microcréditos, liñas de financiamento específicas para emprendedores e proxectos de innovación, Peme Xove, Peme Competitiva, apoio ao sector audiovisual, etc.

Especialmente relevante foi o apoio ao financiamento de circulante, a través dos programas RE-Solve e Resolve+, polos que xuntamente co Igape se apoiou o financiamento de capital circulante nos momentos nos que as entidades de crédito eran máis restritivas e adversas a asumir novos riscos.

SEXTO- Non semella posible fomentar a concorrência pública respecto o obxecto do convenio posto que Sogarpo e Afigal son as sociedades de garantía recíproca con mais representatividade que operan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, e considerase de interese público compartido polas partes incrementar as dotacións ó FPT para garantir o funcionamento das SGR galegas, que actualmente avalan operacións dos seus máis de 17.600 socios .Estas achegas permitirán reforzar os recursos propios das SGR galegas, de xeito que podan seguir funcionando con normalidade.

Todo elo xustifica o procedemento, en relación co establecido na disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e a figura do convenio de colaboración considerado no artigo 3.1.d) do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas,



En base a todo o anterior, as Partes acordan subscribir o presente Convenio de Colaboración de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto regular unha achega da Xunta de Galicia a través do IGAPE para dotar o Fondo de Provisións Técnicas de Afigal e Sogarpo que teñen como finalidade atender os eventuais fallidos das garantías outorgadas polas SGR no exercicio das súas funcións.

SEGUNDA.- ACHEGA DO IGAPE AOS FONDOS DE PROVISIÓN TÉCNICAS.

O Igape desembolsará con cargo á partida 09.A1-741A-770.10 dos seus orzamentos para o exercicio 2016 unha contía de dous millóns seiscentos mil euros (2.600.000€) a Afigal e de un millón catrocentos mil euros (1.400.000€) a Sogarpo, contías calculadas en coherencia co nº de socios de cada unha, o volume de negocios e necesidades financeiras

Estas cantidades serán aboadas unha vez que entre en vigor o Convenio.

TERCEIRA.- DESTINO DAS ACHEGAS

As cantidades achegadas deberán ser exclusivamente aplicadas a incrementar o Fondo de Provisións Técnicas de cada unha das SGR, coa finalidade de atender os posibles falidos das Pemes galegas que teñan lugar nos anos vindeiros, reforzar os seus recursos propios e a capacidade destas entidades para continuar prestando avais.

CUARTA.- REMUNERACIÓN DA ACHEGA

As achegas realizadas ao amparo do presente convenio non estarán remuneradas.

QUINTA.- REEMBOLSO DAS ACHEGAS

As achegas que se integren no Fondo de Provisións Técnicas conforme a este convenio non serán reintegrables, en tanto as SGR cumplan co seu compromiso de continuar posibilitando o acceso ao crédito por parte das pequenas e medianas empresas galegas, mediante a prestación de avais.

SEXTA.- DENUNCIA DO CONVENIO

Será causa suficiente para a denuncia do presente Convenio o incumprimento por unha das Partes de calquera das súas cláusulas.

SETIMA.- OBRIGA DE COLABORACIÓN

As Partes comprométense a colaborar estreita e regularmente para levar a bo termo o presente acordo, intercambiando en todo momento a información e documentación necesarias.

A tal fin, AFIGAL e SOGARPO remitirán ao IGAPE, con carácter trimestral información do desenvolvemento do obxecto do convenio, en particular das operacións aprobadas, importes e fallidos.

OITAVA.- NOVAS ACHEGAS

A Xunta de Galicia e/ou o IGAPE poderán achegar novas cantidades aos fondos de provisións técnicas das SGR, a cuxos efectos se deberán de asinar novos Convenios diferenciado deste.



NOVENA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor o día da súa firma. Extinguirase por disolución das SGR, e procederase a liquidar o FPT.

DÉCIMA.- CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN

As Partes non poderán ceder a súa posición neste Convenio nin transferir, substituír nin subrogar os dereitos e obrigas contraídos sen o previo consentimento expreso da outra Parte.

DÉCIMO PRIMEIRA.- SOLUCION DE CONTROVERSIAS

As posibles discrepancias na aplicación e/ou interpretación dos acordos deste convenio resolveranse mediante o diálogo directo entre as partes ou pola Comisión de Seguimento.

A Comisión de Seguimento estará constituída por:

- Dous representantes do IGAPE, nomeados polo seu presidente
- Un representante de AFIGAL
- Un representante de SOGARPO

O presidente da Comisión será un dos representantes do IGAPE. Contra as decisións da Comisión de Seguimento non cabe recurso en vía administrativa.

DÉCIMO SEGUNDA.- NATUREZA E XURISDICCIÓN

O presente convenio é de natureza administrativa e instrumenta unha axuda pública financeira que por aplicación da normativa específica da Lei 1/1994, do 11 de marzo, reguladora das sociedades de garantía recíproca, rexerase polas prescricións da devandita lei e polos principios informadores consagrados no Artigo 5 da Lei xeral de subvencións, en concreto os principios de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Todas as cuestións litixiosas que puidesen xurdir entre as Partes respecto da vixencia, interpretación, contidos e efectos do presente convenio, serán resoltas de modo definitivo pola Consellería de Economía e Industria, cuxas decisións, unha vez esgotada a vía administrativa, poderán ser impugnadas ante a Xurisdición Contencioso - Administrativa.

E, en proba de conformidade co contido do presente documento, as Partes asínano, por triplicado e a un só efecto, no lugar e data arriba indicados.

Polo Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE):

Francisco José Conde López

Por **SOGARPO, S.G.R.:**

Por **AFIGAL, S.G.R.:**

José María Fonseca Moretón

Antonio Couceiro Méndez